



Princípios de Direitos Humanos de CaixaBank

Febreiro 2024

Control de versións

Versión	Data [aprobación Consello]	Control
1	Outubro 2019	Orixinal: Política corporativa de Dereitos Humanos de CaixaBank
2	27/01/2022	Principios de Dereitos Humanos de CaixaBank
3	15/02/2024	Revisión e aprobación da actualización do documento

Índice

1. Introducción.....	3
2. Alcance e ámbito de aplicación.....	3
3. Compromisos e principios de actuación.....	4
3.1 A nosa responsabilidade cos nosos empregados e empregadas.....	5
3.2 A nosa responsabilidade como provedores de servizos financeiros.....	7
3.3 A nosa responsabilidade cos provedores.....	8
3.4 A nosa responsabilidade como parte da comunidade.....	9
4. Implantación e comunicación dos Principios.....	9
5. Marco de goberno.....	10
6. Actualización dos Principios.....	11

1. Introducción

O Consello de Administración de CaixaBank, S.A. (de agora en diante, “CaixaBank” ou a “Entidade”) por medio destes Principios pretende pór de manifesto o compromiso da Entidade cos dereitos humanos, de conformidade cos máis altos estándares internacionais.

Para CaixaBank, o respecto aos dereitos humanos é parte integral dos seus valores e o mínimo estándar de actuación para desenvolver a actividade empresarial de forma lexítima.

Así mesmo, considera que a protección dos dereitos humanos descansa prioritariamente sobre os gobernos e que as empresas teñen a responsabilidade de promovelos e respectalos no seu ámbito de actuación.

Baixo esta premisa, en consonancia co seu Código Ético, CaixaBank opera nunha cultura de respecto aos dereitos humanos, e traballa cos seus empregados e empregadas, cos seus colaboradores e colaboradoras, socios e socias e outras partes directamente relacionadas coas súas operacións, produtos e servizos para que tamén o fagan.

2. Alcance e ámbito de aplicación

Os principios de actuación son a guía en materia de dereitos humanos das relacións que CaixaBank estableza cos seus empregados e empregadas, clientes e clientas, accionistas, provedores e provedoras, socios e socias comerciais e coas comunidades en que desenvolva os seus negocios e actividades.

Os presentes Principios son de aplicación aos empregados e empregadas, directivos e directivas e membros dos órganos de goberno de CaixaBank.

Así mesmo, estes Principios teñen carácter corporativo, polo tanto, os órganos de goberno e de dirección das sociedades do Grupo CaixaBank deben adoptar as decisións oportunas para integrar as súas disposicións nas anteditas sociedades seguindo o principio de proporcionalidade, ben aprobando os seus propios Principios de acordo cos principios establecidos neste documento, ou ben adheríndose aos de CaixaBank debidamente adaptados, se é o caso.

Na elaboración destes Principios contouse coa participación das áreas de CaixaBank implicadas: Persoas, Compras, Cumprimento e Control, Corporate Risk Management Function, Riscos de Sostibilidade, Admisión de Riscos ASG, a revisión do documento por parte das filiais CaixaBank Asset Management, VidaCaixa, CaixaBank Payments and Consumer e BPI e con asesoramento especializado externo.

CaixaBank promoverá e dará a coñecer estes Principios entre os seus grupos de interese. Ademais, servirá de aplicación nas *joint ventures* en que participe CaixaBank.

3. Compromisos e principios de actuación

CaixaBank comprométese a respectar todos os dereitos humanos recoñecidos internacionalmente e recollidos:

- Na Carta Internacional de Dereitos Humanos das Nacións Unidas, que comprende:
 - > A Declaración Universal de Dereitos Humanos
 - > O Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos
 - > O Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais
- Na Declaración da Organización Internacional do Traballo (OIT) relativa aos principios e dereitos fundamentais no traballo e os once convenios fundamentais que esta identificou.
- Na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Así mesmo, comprométese a realizar a súa actividade no estrito cumprimento da normativa aplicable e de acordo cos máis altos estándares éticos e de conduta profesional. Entre eles:

- Os Principios Reitores sobre as Empresas e os Dereitos Humanos das Nacións Unidas.
- As Liñas Directrices da OCDE para Empresas Multinacionais.
- O Pacto Mundial das Nacións Unidas.
- Os Principios para o Apoderamento das Mulleres das Nacións Unidas.
- Os Principios do Ecuador.
- Os Principios de Banca Responsable da Iniciativa Financeira do Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (UNEP FI).
- Os Principios para o Investimento Responsable das Nacións Unidas.

- O Plan de Acción da Unión Europea de Dereitos Humanos e a Democracia 2020-2024.
- O *Commitment to Financial Health and Inclusion* dos Principios de Banca Responsable.
- A Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Pobos Indíxenas.
- A Convención sobre os Dereitos do Neno.
- A Declaración dos Defensores dos Dereitos Humanos.
- A Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.
- A Convención Internacional sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación Racial.
- As Normas de Desempeño do International Finance Corporation (IFC).
- A Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller.
- A Declaración Tripartita de Principios da Organización Internacional do Trballo sobre as Empresas Multinacionais e a Política Social.
- O Convenio Europeo de Dereitos Humanos.
- A Guía de Avaliación e Xestión de Impactos nos Dereitos Humanos da Corporación Financeira.

CaixaBank traballa para entender os eventuais impactos que a súa actividade pode comportar. Así mesmo, comprométese a prever e a evitar contribuír aos impactos negativos adversos e, en caso de existiren, mitigalos, vixialos e remedialos na medida do posible.

Os Principios de Dereitos Humanos de CaixaBank alíñanse con outras normas e políticas específicas, tales como o *Código Ético*, a *Política Corporativa de Anticorrupción*, a *Política Corporativa de Xestión de Riscos de Sostibilidade/ASG* e a *Política Corporativa de Compliance Penal*, así como coa adhesión a iniciativas internacionais en materia de responsabilidade corporativa.

3.1 A nosa responsabilidade cos nosos empregados e empregadas

CaixaBank considera que a relación cos seus empregados e empregadas é unha das súas principais responsabilidades en materia de dereitos humanos.

As políticas de selección, xestión, promoción, remuneración e desenvolvemento das persoas fundaméntase no respecto á identidade sexual, expresión de xénero, orientación sexual, orixe étnica, nacionalidade, crenzas, relixión, opinión política, filiación, idade, estado civil, discapacidade e demais situacións protexidas polo dereito e en evitar un uso indiscriminado da tecnoloxía que poida pór en risco a seguridade e a igualdade dos empregados e empregadas.

Neste sentido, CaixaBank dispón de políticas e normas internas relativas:

- Á promoción da diversidade, a inclusión e a igualdade de oportunidades, incluíndo os devanditos principios como parte das políticas de remuneración da Entidade. CaixaBank ten o compromiso de revisar e diminuír a fenda salarial e promover a igualdade na remuneración.
- CaixaBank potencia a atracción do talento nas comunidades locais onde opera, con programas para favorecer a atracción e o desenvolvemento profesional das persoas. Ademais, tamén promove a

diversidade das comunidades locais a través de programas como as Bolsas Wonnow, as Bolsas Fundación Prevent de diversidade funcional ou as Bolsas Randstad UOC.

- Á protección contra o acoso, as actitudes discriminatorias e o abuso de autoridade.
- Á liberdade de expresión e opinión.
- Á liberdade sindical e de folga. CaixaBank asegúrase de dar suficiente información aos empregados e empregadas sobre a negociación colectiva e os representantes dos empregados, e a maneira en que poden participar e exercer o seu dereito a pertencer a este grupo.
- Á protección de datos e dereito á privacidade.
- Á liberdade de asociación e negociación colectiva.
- Á seguridade no lugar de traballo.
- Á saúde, o benestar do cadro de persoal, incluídos os riscos psicosociais.
- Á prevención da corrupción.
- A unha remuneración digna, conforme á normativa laboral vixente.
- A unha xornada de traballo respectuosa coa conciliación familiar e laboral nos termos previstos na normativa laboral de aplicación.
- Á desconexión dixital fóra do horario laboral.
- Ao impulso ao desenvolvemento profesional, programas de desenvolvemento e a formación, incluído o programa de desenvolvemento dirixido a potenciar a diversidade e a contribuír a unha sociedade máis inclusiva.
- Ao rexeitamento do traballo forzoso e infantil e do tráfico de persoas.
- Á protección do medio ambiente no ámbito laboral.

Para a implantación destes Principios e normas, CaixaBank apóiase en programas de formación e sensibilización e no establecemento de indicadores de seguimento.

Para facilitar o cumprimento dos códigos de conduta de CaixaBank, existen canles confidenciais a través das que os empregados e empregadas poden xestionar posibles dúbidas sobre a súa interpretación ou aplicación práctica e denunciar posibles vulneracións dos devanditos códigos de conduta ou de calquera outro tipo de normas.



3.2 A nosa responsabilidade como provedores de servizos financeiros

CaixaBank esixe aos seus empregados e empregadas o respecto ás persoas, a súa dignidade e os seus valores fundamentais, tal e como se indica no seu Código Ético. Así mesmo, aspira a traballar con clientes que compartan os seus valores con respecto aos dereitos humanos, recoñecendo que o seu nivel de influencia sobre estes dependerá da natureza e circunstancias da relación.

Neste sentido, CaixaBank comprométese a pór todos os medios ao seu alcance para:

- Garantir o acceso aos seus servizos sen discriminación por razóns de identidade sexual, expresión de xénero, orientación sexual, orixe étnica, nacionalidade, crenzas, relixión, opinión política, filiación, idade, estado civil, discapacidade e demais situacións protexidas polo dereito.
- Dispor de políticas e procedementos que aseguren que a organización teña un coñecemento adecuado sobre os seus clientes ("KYC"), de acordo cos requirimentos legais esixibles en cada caso.
- Respectar a confidencialidade, dereito á intimidade e privacidade dos datos dos clientes e do cadro de persoal.
- Desenvolver os novos produtos e servizos financeiros de forma congruente coas súas aspiracións en materia de dereitos humanos.
- Ofrecer aos clientes produtos ou servizos que se adecúen ás súas circunstancias e necesidades.
- Asegurar unha información comercial dos produtos e servizos veraz, legal, honesta e leal.
- Anticipar e ofrecer solucións a aqueles clientes con dificultades financeiras para previr que incorran en situación de morosidade.
- Contar con programas, produtos e servizos dirixidos aos colectivos máis vulnerables e impulsar a inclusión financeira.
- Integrar os riscos sociais, ambientais e de goberno no proceso de admisión de clientes (*onboarding* ASG) e no proceso de admisión de crédito para todos os clientes e operacións segundo o alcance establecido na Política corporativa de xestión de riscos de sostibilidade/ASG en materia de dereitos humanos. Para iso, CaixaBank avalía o desempeño das compañías nesta materia, así como noutros criterios xerais, e espera que os seus clientes adopten as mellores prácticas.

Adicionalmente, o Grupo establece unha serie de exclusións xerais aplicables a todos os clientes e operacións baixo o alcance da Política (de calquera sector):

- > Non prestar servizos financeiros nin investir en empresas sobre as que existan evidencias sólidas de que usan traballo infantil ou forzado como se definen nos Convenios da OIT (Organización Internacional do Traballo) ou que participasen en violacións ou abusos de dereitos humanos. No caso do financiamento de proxectos, esta exclusión tamén se aplica aos terceiros involucrados, cando a súa participación sexa significativa.
- > Non prestar servizos financeiros nin investir en empresas que non dispoñan de políticas de saúde e seguridade para protexer os seus traballadores ou que non poidan proporcionar un historial de saúde e seguridade dos seus traballadores adecuado dos últimos cinco anos.

- > Non financiar operacións ou proxectos que supoñan unha vulneración dos dereitos de grupos indíxenas ou vulnerables ou o seu reasentamento, sen o seu consentimento libre, previo e informado.

Para isto, CaixaBank conta con políticas, principios, comités, procesos de dilixencia debida e outros sistemas internos que lle axudan a establecer cando é apropiado ou permisible establecer relacións de clientela, así como participar en determinadas operacións. Os controis inclúense nos procesos xerais da Entidade e varían segundo o tamaño, sector e perfil do cliente, así como a xeografía, o contexto e o risco potencial do impacto adverso. Ademais, se se considera conveniente, poderase contar con soporte externo para a realización dos devanditos controis.

Adicionalmente, para cumprir os presentes Principios, así como todas aquelas regulacións ás que a Entidade se compromete, CaixaBank conta cun Regulamento do servizo de atención ao cliente. Este último ten como obxectivo asegurar a aplicación da normativa de transparencia e protección dos clientes de servizos financeiros na resolución dos conflitos e na mellora continua dos procesos de comercialización dos seus servizos. Así mesmo, a Entidade dispón de diversas canles de comunicación, consulta e reclamacións, que complementan as canles oficiais.

3.3 A nosa responsabilidade cos provedores

CaixaBank esixe ás empresas provedoras un estrito respecto aos dereitos humanos e laborais e fomenta que estes inclúan nas súas prácticas comportamentos aliñados cos seus valores e que os transmitan á súa propia cadea de valor.

Neste sentido, CaixaBank fomenta e inclúe entre as súas prácticas:

- O coñecemento e aceptación por parte das empresas provedoras do *Código de Conduta de provedores e dos Principios de Compras* como marco de colaboración equilibrada entre CaixaBank e os seus provedores.
- O coñecemento dos diferentes aspectos en materia de dereitos humanos nas diferentes fases de relación cos provedores: proceso de homologación e avaliación de provedor, licitación, contratación e prestación de servizo.
- Dispor dunha serie de principios e procedementos que aseguren que a organización teña un coñecemento axeitado sobre os seus provedores de acordo cos requirimentos legais esixibles en cada caso.
- O coñecemento e respecto dos Principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas.
- Revisión anual dos provedores homologados.
- A realización de controis adicionais, cando se considere conveniente, daqueles provedores que son considerados internamente como de risco potencial medio-alto. A adopción das accións correctivas necesarias que emenden o eventual incumprimento dos seus estándares.


3.4 A nosa responsabilidade como parte da comunidade

A sostiabilidade do modelo de negocio de CaixaBank está directamente ligada á prosperidade dos territorios en que leva a cabo a súa actividade.

CaixaBank comprométese a cumprir todas as leis aplicables, colaborar coas institucións públicas e a xustiza e respectar os dereitos humanos internacionalmente recoñecidos, en calquera lugar que opere. Así mesmo, CaixaBank comprométese a realizar unha contribución positiva aos dereitos humanos nas comunidades en que opere. En consonancia coa súa misión, visión, valores e os compromisos establecidos nos seus Principios de actuación en materia de sostiabilidade e a Declaración sobre Cambio Climático:

- Impulsa a difusión dos principios internacionais en materia de dereitos humanos dentro do seu ámbito de influencia e, para iso, colabora no posible con outras institucións, organizacións internacionais e organismos gobernamentais.
- Promove e dá difusión ás iniciativas e programas que supoñan unha contribución positiva aos dereitos humanos e aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas (por exemplo: vivenda digna, vacinación infantil, educación, integración laboral de colectivos en risco de exclusión social e outros colectivos vulnerables, loita contra o cambio climático, protección do medio ambiente, erradicación da pobreza etc.).

Adicionalmente, CaixaBank conta con varias canles de comunicación a través das que os grupos de interese poden facer chegar as súas consultas, suxestións e reclamacións.



4. Implantación e comunicación dos Principios

Na implantación dos presentes Principios de Dereitos Humanos por parte de empregados e empregadas, directivos e directivas e membros dos órganos de goberno respectarase o Código Ético aprobado polo Consello de Administración.

CaixaBank considera a actuación en materia de dereitos humanos á hora de iniciar, renovar, ampliar ou cesar as relacións comerciais con terceiros. Neste sentido, comprométese a dedicar os recursos necesarios para asegurar unha implantación efectiva destes Principios.

A cultura de dereitos humanos intégrase na Entidade a través de comunicacións periódicas e accións formativas. Os empregados e empregadas con funcións que teñen un maior impacto potencial en materia

de dereitos humanos (entre eles, as áreas que xestionan *project finance*, relacións laborais ou seguridade, entre outros) reciben formación especializada.

Así mesmo, a Entidade analiza periodicamente os asuntos de dereitos humanos relativos á súa actividade e no total das súas operacións e implanta procesos de dilixencia debida para valorar o risco de incumprimento, a partir dos cales propón medidas de prevención ou emenda dos impactos negativos e medidas para xerar impactos positivos.

En concreto, a compañía comprométese a realizar este exercicio de avaliación ou *assessment* cada tres anos, ou antes se as circunstancias o aconsellasen.

CaixaBank establece medidas correctivas e plans de acción para cada un dos bloques vinculados aos Principios de Dereitos Humanos, tal e como se dispón no Proceso de dilixencia debida e avaliación en dereitos humanos.

Ademais, manterá e dará difusión aos mecanismos de comunicación ou reclamación efectivos para que as persoas directamente afectadas polas súas operacións poidan pór no seu coñecemento calquera situación de posible impacto en materia de dereitos humanos. Neste sentido, CaixaBank traballa de maneira continua para a aliñación das canles de comunicación de que dispón coas mellores prácticas en todo momento, garantindo a protección da privacidade e dos procesos de reparación aos afectados.

Estes Principios faranse públicos e comunicaranse aos grupos de interese e de forma activa a todo o cadro de persoal, empresas provedoras, socios e socias comerciais e outras partes relevantes.

5. Marco de goberno

Os **órganos de goberno de CaixaBank** realizan determinadas funcións asociadas á súa responsabilidade de aprobación e supervisión das directrices estratéxicas e de xestión establecidas, incluíndo en materia de dereitos humanos, en interese de todas as sociedades do Grupo, así como de supervisión, seguimento e control integrado dos riscos do Grupo no seu conxunto.

O **Consello de Administración de CaixaBank** é o responsable de aprobar estes Principios e os compromisos cos grupos de interese incluídos no presente documento.

A **Comisión de Nomeamentos e Sostibilidade de CaixaBank** ten atribuídas, entre outras funcións, a de supervisión da actuación en iniciativas en materia ambiental, social e de gobernanza, entre elas as relativas a dereitos humanos, e a de elevar ao Consello propostas que considere oportunas nesta materia.

A **Comisión de Auditoría e Control de CaixaBank**, en relación con estes Principios, revisa o cumprimento dos requirimentos normativos en materia de elaboración da información financeira e realiza un seguimento periódico dos KPI (Key Performance Indicators) asociados á información non financeira incluída no Informe de Xestión anual.

O **Comité de Dirección** desempeña un papel esencial na translación á organización interna de CaixaBank dos criterios e principios de bo goberno entre os que están o cumprimento da normativa vixente e a asunción e actualización dos devanditos principios.

O **Comité de Sostibilidade**, órgano dependente do Comité de Dirección, é o responsable de aprobar as estratexias e as prácticas de dereitos humanos de CaixaBank, así como de promover e, se é o caso, aprobar,

iniciativas nesta materia, de coordinar ou xestionar as iniciativas aprobadas e de realizar o seu seguimento, e tamén de propor e envialas para a aprobación dos órganos de goberno.

A **Dirección de Sostibilidade** ten entre as súas funcións a de promover o cumprimento dos Principios e o impulso de iniciativas para avanzar no respecto, a defensa e a promoción dos dereitos humanos e executar o Plan de Banca Sostible, xestionar as iniciativas nesta materia acordadas polos órganos de goberno, realizar o seguimento das iniciativas implantadas no Grupo CaixaBank e realizar o *reporting* periódico interno e externo. En concreto, a revisión dos Principios de Sostibilidade recae na Dirección de Estratexia e Seguimento de Sostibilidade e o proceso de dilixencia debida e *assessment* de dereitos humanos recae na Dirección de Riscos de Sostibilidade.

Finalmente, **as diferentes áreas e direccións afectadas por estes Principios** serán as responsables da aplicación, integración e execución das súas disposicións nas súas actividades diarias e na normativa interna relacionada, segundo consideren, así como de establecer e implantar controis de seguimento da súa aplicación. Ademais, cada unha das sociedades do Grupo CaixaBank deberá garantir a existencia de controis sobre a adecuada aplicación destes Principios, así como, se é o caso, o desenvolvemento de marcos, principios e procedementos internos análogos.

6. Actualización dos Principios

Estes Principios someteranse á revisión do Consello de Administración cunha periodicidade bienal. Non obstante, a Dirección de Sostibilidade, como responsable dos Principios, revisará o seu contido anualmente e, no caso de que o considere pertinente, propondrá modificacións que enviará para a súa aprobación polo Consello de Administración.

Na revisión destes Principios son tidas en conta as consultas aos grupos de interese internos e externos en materia de dereitos humanos, así como os resultados dos procesos de dilixencia debida e *assessment*.

Adicionalmente, a actualización dos Principios poderase iniciar en calquera momento a pedimento de calquera das áreas implicadas que identifícase a necesidade da súa modificación, motivada, entre outras causas, por:

- Cambios no marco normativo.
- Cambios nos obxectivos e na estratexia de negocio.
- Cambios no enfoque ou nos procesos de xestión.
- Cambios derivados dos resultados obtidos nas actividades de seguimento e control.
- Cambios derivados do proceso de dilixencia debida e *assessment*.
- Novas políticas ou modificacións sobre as existentes que afecten ao contido destes Principios.
- Modificación da estrutura organizativa que implique un cambio de funcións na xestión dos Principios.

Principios aprobados polo Consello de Administración, 15 de febreiro de 2024